

Carreira profesional - Convocatoria 2026

Proximamente publicarase no DOG a convocatoria para a solicitude dos Graos I a IV.

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto ata o 30 de setembro do 2026.

Poderán participar as persoas que estiveran algún día en activo entre o 1 de agosto e o 30 de setembro de 2026, e que cumpran os anos de permanencia no grao anterior.

IMPORTANTE:

- Todos os contratos administrativos computan como contratos ordinarios aos efectos de permanencia na carreira profesional.
- Os días de vacacións cotizadas e non desfrutadas que non se solapen computarán a efectos de permanencia na carreira profesional.

QUE MÉRITOS PRECISAS?

ÁREA III: Formación: con carácter xeral

- Grao I: 15 puntos
- Grao II: 20 puntos
- Grao III: 25 puntos
- Grao IV: 20 puntos

COMO CONSEGUIR OS PUNTOS DE FORMACIÓN?

- Cursos con créditos CFC: 0,5 puntos/crédito
- Cursos con créditos ECTS, CIFCE, EACCME, AMA PRA...: 0,3 puntos/crédito
- Cursos formación continuada en horas: 0,075 puntos/hora
- Cursos transversais: 0,10 puntos/hora
 - Prevención de riscos, informática, idiomas e violencia de xénero e igualdade.

EXEMPLOS	GRAO I	GRAO II	GRAO III	GRAO IV
créditos CFC	30 créditos	40 créditos	50 créditos	40 créditos
OU formación continuada en horas	200 horas	267 horas	333 horas	267 horas
OU cursos transversais	150 horas	200 horas	250 horas	200 horas
OU combinando créditos + horas transversais	15 créditos + 75 horas transversais	20 créditos + 100 horas transversais	25 créditos + 125 horas transversais	20 créditos + 100 horas transversais
OU combinando cursos en horas + horas transversais	100 horas + 75 horas transversais	135 horas + 100 horas transversais	170 horas + 123 horas transversais	135 horas + 100 horas transversais

OLLO! Se no diploma aparecen créditos, o curso valorarase en créditos e non en horas, salvo os cursos transversais que se valoran SEMPRE en horas.

Consulta no local sindical de **CIG-Saúde** da túa área sobre as condicións de participación.